

Guía didáctica

World Citizens



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

TAMARA FERNÁNDEZ AMOSA

Licenzas por formación 2024-2025



ÍNDICE

1. ACTIVIDADES	3
2. OBXECTOS DIXITAIS EDUCATIVOS	3
3. OBXECTIVOS	4
4. SECUENCIACIÓN	5
5. CONTIDOS	5
6. COMPETENCIAS CLAVE	14
7. METODOLOXÍA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	14
8. AVALIACIÓN	15
9. RECURSOS DE AVALIACIÓN	16

1. ACTIVIDADES

World Citizens é unha proposta orientada a 6º de Primaria que persecue contribuír, por unha banda, á consolidación das aprendizaxes adquiridas ao longo da etapa de Primaria e, por outra, á súa aplicación práctica nun proxecto internacional de irmanamento mediante situacións comunicativas baseadas no intercambio de mensaxes audiovisuais con alumnado británico sobre temas cotiás da súa contorna.

As distintas actividades que conforman cada ODE requiren que o alumnado empregue a lingua oral e a escrita, así como a mobilización de estratexias e recursos comunicativos variados, lingüísticos e non lingüísticos, analóxicos e dixitais, ao tempo que fomentan actitudes positivas cara a lingua e cultura anglófonas.

Os ODE propostos baséanse no enfoque DUA para así ofrecer unha atención máis personalizada ao alumnado e favorecer unha mellor atención á diversidade. Deste xeito, as actividades tarefas inclúen apoios visuais e auditivos variados, así como tarefas con distintos niveis de dificultade e con despregables de información extra en caso de dificultade.

2. OBXECTOS DIXITAIS EDUCATIVOS

Os ODE que compoñen *World Citizens* son os que a continuación se detallan:

- ODE 1: *New Twinning Partners!*
- ODE 2: *Welcome to Portsmouth!*
- ODE 3: *A Day In England*
- ODE 4: *Old City Photos*

- ODE 5: We Visited the Museum!
- ODE 6: *Did You Know...?*
- ODE 7: *We're Going to Visit Portsmouth!*

3. OBXECTIVOS

Partindo dos obxectivos da área de lingua estranxeira, a continuación detállanse os obxectivos específicos deste proxecto:

OBX1.	Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos audiovisuais breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, empregando estratexias e apoios variados, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas básicas con alumnado de fala inglesa.
OBX2.	Producir textos audiovisuais sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves e responder a propósitos comunicativos esenciais con alumnado de fala inglesa.
OBX3.	Interactuar con alumnado de fala inglesa usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía
OBX4.	Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.
	Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre o galego,

OBX5.	o castelán e o inglés, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.
OBX6.	Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua inglesa, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.

4. SECUENCIACIÓN

Cada ODE deste proxecto ten unha duración prevista de entre 6 e 8 sesións, sendo así flexible para adaptarse os diferentes ritmos de traballo do alumnado mediante tarefas con distinto grao de dificultade, actividades con retroalimentación inmediata e outras con información adicional para o alumnado que presente dificultades á hora de realizalas.

5. CONTIDOS

A continuación, recóllense os contidos de cada ODE de *World Citizens*, así como os criterios de avaliación cos que se relacionan.

ODE 1: <i>New Twinning Partners!</i>	
Bloque1. Comunicación	
CONTIDOS	CRITERIOS
▪ Estratexias básicas para a comprensión textos orais, e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.	CA1.2

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Funcións comunicativas básicas de uso común: saudar, despedirse, presentar e presentarse e describir persoas. ▪ Léxico relativo á identificación persoal e relacións persoais próximas. ▪ Convencións ortográficas básicas de uso común. ▪ Ferramentas dixitais básicas de uso común para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. 	CA1.6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común para iniciar, manter e rematar a comunicación e para colaborar. 	CA1.7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. 	CA1.9
Bloque2. Plurilingüismo	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta. 	CA2.2
Bloque3. Interculturalidade	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes. 	CA3.1

ODE 2: *Welcome to Portsmouth!*

Bloque1. Comunicación	
CONTIDOS	CRITERIOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Léxico relativo a lugares e contornos de interese para o alumnado. ▪ O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. 	CA1.1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como a afirmación, a cantidade e relacións lóxicas elementais. ▪ Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. 	CA1.3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Léxico relativo a lugares e contornos de interese para o alumnado. ▪ Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráfico. ▪ Ferramentas dixitais básicas de uso común para a produción escrita e multimodal. 	CA1.4
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. 	CA1.8
Bloque2. Plurilingüismo	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas. 	CA2.1

Bloque3. Interculturalidade	
▪ Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.	CA3.2

ODE 3: <i>A Day in England</i>	
Bloque1. Comunicación	
CONTIDOS	CRITERIOS
▪ Estratexias básicas para a comprensión textos orais, e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.	CA1.2
▪ Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na produción e coprodución de textos: recoñecemento das características e do contexto e da organización e estrutura interna. ▪ Ferramentas dixitais básicas de uso común para a produción oral, escrita e multimodal.	CA1.5
▪ Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás e describir rutinas. ▪ Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como a afirmación, a negación e a interrogación. ▪ Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.	CA1.6

▪ Ferramentas dixitais básicas de uso común para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.	
▪ Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común para iniciar, manter e rematar a comunicación, colaborar e comparar.	CA1.7
Bloque2. Plurilingüismo	
▪ Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación.	CA2.3
Bloque3. Interculturalidade	
▪ Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.	CA3.3

ODE 4: <i>Old City Photos</i>	
Bloque1. Comunicación	
CONTIDOS	CRITERIOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como a afirmación, a negación, a interrogación. ▪ O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. 	CA1.1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Léxico relativo a relacións persoais próximas e contornos de interese para o alumnado. ▪ Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráfico. ▪ Ferramentas dixitais básicas de uso común para a produción 	CA1.4

escrita e multimodal.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir persoas e lugares no pasado. ▪ Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. ▪ Ferramentas dixitais básicas de uso común para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. 	CA1.6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. 	CA1.8
Bloque2. Plurilingüismo	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. 	CA2.2
Bloque3. Interculturalidade	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. 	CA3.1

ODE 5: <i>We Visited the Museum!</i>	
Bloque1. Comunicación	
CONTIDOS	CRITERIOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias básicas para a comprensión textos orais, e 	CA1.2

multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como a afirmación e a negación. ▪ Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. 	CA1.3
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na produción e coprodución de textos: recoñecemento das características e do contexto e da organización e estrutura interna. ▪ Ferramentas dixitais básicas de uso común para a produción oral, escrita e multimodal. 	CA1.5
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. 	CA1.9
Bloque2. Plurilingüismo	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas. 	CA2.1
Bloque3. Interculturalidade	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira 	CA3.2

ODE 6: <i>Did You Know...?</i>	
Bloque1. Comunicación	
CONTIDOS	CRITERIOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Léxico relativo á vida cotiá, lecer e tempo libre. ▪ O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. 	CA1.1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: situar eventos no tempo e pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás. ▪ Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. ▪ Ferramentas dixitais básicas de uso común para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. 	CA1.6
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común para iniciar, manter e rematar a comunicación e pedir e dar aclaracións. 	CA1.7
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. 	CA1.8
Bloque2. Plurilingüismo	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación. 	CA2.3
Bloque3. Interculturalidade	

▪ Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.	CA3.3
--	-------

ODE 7: <i>We're Going to Visit Portsmouth!</i>	
Bloque1. Comunicación	
CONTIDOS	CRITERIOS
▪ Estratexias básicas para a comprensión textos orais, e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.	CA1.2
▪ Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como a afirmación, a negación e a interrogación. ▪ Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.	CA1.3
▪ Léxico relativo a lecer e tempo libre. ▪ Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráfico. ▪ Ferramentas dixitais básicas de uso común para a produción escrita e multimodal.	CA1.4
▪ Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na produción e coprodución de textos: recoñecemento das características e do contexto e da organización e estrutura interna.	CA1.5
Bloque2. Plurilingüismo	
▪ Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar,	CA2.1

reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.	
Bloque3. Interculturalidade	
▪ Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.	CA3.1

6. COMPETENCIAS CLAVE

World Citizens ofrece actividades nas que se desenvolven máis dunha competencia ao mesmo tempo e contribúe á adquisición das diferentes competencias clave que conforman o perfil de saída do alumnado.

Dado que este proxecto pertence á area de Lingua Estranxeira, aínda que se traballan as oito competencias, contribúese de xeito especial ao desenvolvemento das seguintes: competencia en comunicación lingüística (CCL), da competencia plurilingüe (CP), competencia dixital (CD), competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA) e competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

7. METODOLOXÍA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A metodoloxía empregada é comunicativa, inclusiva, activa e participativa, onde o alumnado é o centro do proceso de aprendizaxe e realiza actividades comunicativas que integran os elementos do currículo para aplicalos en contextos da vida real.

Así mesmo, aplícase o enfoque DUA, co obxectivo de ofrecer unha atención máis personalizada ao alumnado e favorecer unha mellor atención á

diversidade. Ademais, emprégase a aprendizaxe por descubrimento e a aprendizaxe colaborativa. Aplícase tamén a Metodoloxía Comunicativa e séguese o Enfoque Intercultural. Por último, a gamificación está presente en todos os ODE do proxecto.

Con respecto á atención á diversidade, ademais de basearse no enfoque DUA, *World Citizens* susténtase en dous principios fundamentais, como son a flexibilidade e a individualidade, co obxectivo de ofrecer unha atención máis personalizada ao alumnado e prestar unha mellor atención á diversidade ao adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e favorecer a capacidade de aprender por un mesmo. Para facilitar a accesibilidade, os distintos ODE incorporan a barra BatexeGo, que permite mudar a fonte, ampliar ou reducir o seu tamaño, traducir e ler, se ben cada actividade incorpora un audio que le o enunciado.

8. AVALIACIÓN

A continuación preséntase a relación entre os criterios de avaliación de cada ODE e o seu peso na cualificación.

ODE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN														
	Bloque1									Bloque2			Bloque3		
	Comunicación									Plurilingüismo			Interculturalidade		
	1.1	1.2	1.3	1.4	1.5	1.6	1.7	1.8	1.9	2.1	2.2	2.3	3.1	3.2	3.3
1		20%				20%	20%		15%		15%		10%		
2	20%		20%	20%				15%		15%				10%	
3		20%			15%	20%	20%					15%			10%
4	20%			20%		20%		15%			15%		10%		
5		20%	20%		20%				15%	15%				10%	
6	20%					20%	20%	15%				15%			10%

7		20%	20%	20%	15%				15%	15%			10%		
---	--	-----	-----	-----	-----	--	--	--	-----	-----	--	--	-----	--	--

O instrumento empregado para valorar o grao de adquisición é a rúbrica, que detalla os indicadores de logro e se inclúe ao final de cada ODE en Exelearning (lapela titulada *Teacher's Folder*). Esta rúbrica está relacionada cos criterios de avaliación recollidos no cadro anterior e especifica o valor de cada indicador.

9. RECURSOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos son flexibles, adaptándose ao tipo de tarefa proposta: observación directa, grao de corrección na realización das tarefas e proxecto final. Así mesmo, as actividades interactivas inclúen retroalimentación ao completalas. Por último, todos os ODE inclúen unha autoavaliación do alumnado (lapela titulada *Assess Your Progress!*) sobre os contidos e destrezas desenvolvidos que fomenta a reflexión sobre o seu progreso no proceso de aprendizaxe.